

ACTA DA COMISIÓN INFORMATIVA DE CULTURA

A Comisión Informativa de Cultura reúnese no Pazo provincial ás 12,21 horas do día 17 de febreiro de 2023, baixo a Presidencia de: **D. XOSÉ CESÁREO MOSQUERA LORENZO** e coa asistencia dos seguintes deputados/as: **DONA MARÍA VICTORIA ALONSO MÉNDEZ, DONA ANA MARÍA MEJIAS SACALUGA, D. MANUEL GÓNZALEZ MARTÍNEZ, D. SANTOS HÉCTOR RODRÍGUEZ DÍAZ EN SUBSTITUCIÓN DE D. CARLOS LÓPEZ FONT, D. GORKA GÓMEZ DÍAZ, DONA NOEMÍ OUTEDA PROL, DONA RAQUEL GIRÁLDEZ ARMAS, D. GREGORIO AGÍS GÓMEZ, D. MANUEL ALEJANDRO LORENZO ALONSO, D. JORGE CUBELA LÓPEZ, D. JOSÉ ALFONSO MARNOTES GONZÁLEZ, DONA MARÍA PAZ LAGO MARTÍNEZ, D. IGNACIO MARIL PARDO, DONA MARÍA ELENA ESTÉVEZ FREIRE, D. JOSÉ CARLOS LÓPEZ CAMPOS, D. JAVIER TOURÍS ROMERO, DONA MARÍA ORTEGA IÑARREA**, actúa como Secretario D. Antonio Santos Guerra, xefe do Servizo de Cultura da Deputación de Pontevedra.

Aberto o acto pola Presidencia, procédese ó estudo dos asuntos incluídos na orde do día, adoptándose o seguinte acordo:

1.- LECTURA E APROBACIÓN SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR

Non existindo reparo algún, apróbase por unanimidade a acta da sesión do día 20 de xaneiro de 2023.

2.- DAR CONTA DAS BASES DE SUBVENCIÓNS DIRIXIDAS A ENTIDADES SEN FINS DE LUCRO PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES CULTURAI, ANO 2023 (Exped. 2022076152)

A presidencia informa sobre as bases de subvencións dirixidas a entidades sen fins de lucro para a realización de actividades culturais, ano 2023, aprobadas pola Xunta de Goberno de 24 de xaneiro de 2023 e publicadas no BOPPO núm. 22 de 1 febreiro de 2023. As axudas concederanse en réxime de concorrencia competitiva para as actividades culturais que organicen as entidades sen fins de lucro entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2023 no ámbito territorial da provincia de Pontevedra ou, excepcionalmente, fóra deste, cando teñan relevancia para os intereses provinciais. A través desta liña de subvencións preténdese activar procesos culturais da provincia de Pontevedra e excepcionalmente, fóra da Comunidade Autónoma de Galicia cando teñan relevancia para os intereses provinciais. Nesta liña son subvencionables a realización de actividades culturais que contribúan á promoción, á difusión e á conservación do noso patrimonio cultural, tales como: actividades para a posta en valor do patrimonio inmaterial propio das vilas e comarcas da nosa provincia (costumes, tradicións, etnografía, crenzas e mitos), festivais, mostras, encontros, certames culturais, intercambios culturais para potenciar o patrimonio musical fóra da Comunidade Autónoma de Galicia, etc.



O prazo de presentación de solicitudes de subvencións nesta liña remata o 1 de marzo de 2023. Estas axudas concederanse con cargo á aplicación 23/330.3340.489.05 do orzamento provincial por un importe total de 250.000,00 €.

3.- ROGOS E PREGUNTAS

Non se produciron.

E non habendo mais asuntos que tratar e sendo as 12,25 horas do mencionado día, dáse por concluída a reunión do que eu Secretario dou fe.

